BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
VENRES, 2 DE FEBREIRO DE 2024 N.º 028
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLOS

## BECERREÁ

*Anuncio*

Téndose aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento Xeral para o exercicio económico do 2024, expediente nº: 1117/2023 e a Plantilla por acordo adoptado en sesión de 28 de decembro de 2023, en cumprimento do que dispón, o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que o devandito orzamento ascende á cuantía de:

| Total Gastos | Total Ingresos |
|---|---|
| **2.806.042,40** | **2.806.042,40** |

A imputación por capítulos é a seguinte:

**ESTADO DE GASTOS**

| | |
|---|---|
| A.- OPERACIÓNS CORRENTES | |
| 1.- Gastos de Persoal | 811.973,93 |
| 2.-Gastos en bens correntes e servicios | 1.770.796,87 |
| 3.- Gastos financieiros | - |
| 4.- Transferencias correntes | 32.106,00 |
| B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| 6.- Inversións reais | 182.165,60 |
| 7.- Transferencias de capital | 9.000 |
| 8.- Activos financieros | - |
| 9.-Pasivos financeiros | - |
| TOTAL | **2.806.042,40** |

**ESTADO DE INGRESOS**

| | |
|---|---|
| A.- OPERACIÓNS CORRENTES | |
| 1.- Impostos directos | 640.979,61 |
| 2.- Impostos indirectos | 12.280,41 |
| 3.- Taxas e outros ingresos | 427.195,73 |
| 4.- Transferencias correntes | 1.645.683,65 |
| 5.- Ingresos patrimoniais | - |
| B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL | |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | |
|---|---|
| 6.- Enxenación de inversións reais | - |
| 7.- Transferencias de capital | 79.903,00 |
| 8.- Activos financieiros | - |
| 9.- Pasivos Financieiros | - |
| TOTAL | **2.806.042,40** |

**PLANTILLA 2024**

**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

| PRAZA/POSTO DE TRABALLO | Nº PRAZAS | GRUPO | C.D. | SITUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| ***Escala de habilitación de carácter nacional*** | | | | |
| Subescala Secretaria-Intervención | | | | |
| Praza: Secretaría-Intervención | 1 | A1 | 28 | EN PROPIEDADE |
| Posto: Secretario- Interventor | | | | |
| ***Escala de Admón Xeral*** | | | | |
| Subescala Técnica | | | | |
| Praza; Técnico de Administración Xeral | 1 | A1 | 26 | EN PROPIEDADE |
| Posto: Xefe de sección de urbanismo, contratación, fomento, empleo e desenrolo local. | | | | |
| Subescala Administrativa | | | | |
| Praza; administrativo | 1 | C1 | 22 | EN PROPIEDADE |
| Posto: Xefe da Sección de contabilidade e Tesourería. Tesoureira | | | | |
| Subescala Auxiliar | | | | |
| Praza; auxiliar administrativo | 1 | C2 | 18 | EN PROPIEDADE |
| Posto: Xefe de Ngdºde Asuntos Xerais, Archivo e documentación | | | | |
| Praza; auxiliar administrativo | 1 | C2 | 18 | VACANTE |
| Posto: Xefe de Ngdºde Xestión tributaria e recaudatoria. | | | | |
| Praza; auxiliar administrativo | 1 | C2 | 16 | VACANTE – EN PROCESO DE SELECCIÓN |
| Posto: Auxiliar Administrativo da Administración Local | | | | |
| Subescala Subalterna | | | | |
| Praza: Vixiante Municipal | 1 | E | 14 | EN PROPIEDADE |
| Posto: Vixiante en Biblioteca Telecentro | | | | |
| Praza: Conserxe | 1 | E | 14 | EN PROPIEDADE |
| Posto: Conserxe | | | | |
| ***Escala de Admón Especial*** | | | | |
| Subescala Técnica | | | | |
| Praza: Arquitecto | 1 | A1 | 26 | EN PROPIEDADE<br>En proceso de funcionarización |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Posto: Arquitecto en unidade de urbanismo (A tempo parcial) | | | | |
| Subescala Técnica | | | | |
| Praza: Traballador/a Social | **1** | **A2** | **22** | EN PROPIEDADE<br>En proceso de funcionarización |
| Posto: Traballador/a Social | | | | |

**B) PERSONAL LABORAL FIXO**

| POSTO DE TRABALLO | Nº DE PRAZAS | GRUPO | C.D. | SITUACION |
|---|---|---|---|---|
| Director Centro Social | 1 | **A2** | **22** | En propiedade |
| Monitor de ocio e tempo libre C. Social | 1 | **C2** | **18** | Vacante |
| Encargado de obras e servizos-conductor | 1 | **C2** | **18** | Vacante |
| Oficial | 1 | **C2** | **16** | En propiedade |
| Encargado mantemento EDAR | 1 | **C2** | **16** | En propiedade |
| Conductor | 1 | **C2** | **16** | En propiedade |
| Conductor/Operario de servizos multiples | 1 | **E** | **14** | En propiedade |
| Limpadora | 1 | **E** | **12** | En propiedade |
| Auxiliar de axuda no fogar | 2 | **E** | **12** | En propiedade |
| Auxiliar de axuda no fogar | 1 | **E** | **12** | Vacante |

**C) PERSONAL EVENTURAL**

Ningún.

**D) PERSONAL LABORAL TEMPORAL**

| | Nº POSTOS | CARACTERISTICAS |
|---|---|---|
| Peóns Servizos Múltiples | 2 | Xerais |
| Grado en Enxeñería Forestal | 1 | APROL RURAL 2023-2024 |
| Peóns | 2 | RISGA 2023-2024 |
| 1 Tractorista e 3 Peóns | 4 | PLAN UNICO 2023-2024 |

Nesta plantilla/cuadro de persoal non se contemplan outras posibles contratacións temporais que este Concello poda realizar ao amparo dalgunha subvención do Estado, Xunta de Galicia, Diputación ou outro organismo público, ou bien por necesidades perentorias do servizo de que se trate.

Así mesmo e en cumprimento do establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, públicase o contido da base 25 e 26 das de Execución do Orzamento para o ano 2024.

**BASE 25. BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS POLO CONCELLO DE BECERREÁ.**

a) Os obxectivos e efectos que o Concello de Becerreá pretende conquerir coa aplicación destas subvencións previstas no orzamento, son as de fomento do asociacionismo e realización de actividades populares, culturais, de fomento de actividades deportivas ou de interese deportivo, de fomento de estilos de vida saudables, desenvolvemento local, turismo, festexos, educación, xuventude, medio ambiente, participación veciñal, cooperación, consumo, servizos sociais, etc, polos veciños do Concello de Becerreá, así como outras actividades que sexan complementarias da actividade municipal e susceptibles de subvencionarse por dirixirse a un colectivo de poboación determinado así como aquelas actividades de utilidade pública, interese social ou de promoción dunha finalidade pública que así sexan consideradas polo Concello de Becerreá, todo elo como medio para fixar a poboación asegurando un nivel óptimo de calidade de vida nun sentido amplo.

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

b) Terán a condición de beneficiarios de subvencións do Concello de Becerreá, as persoas que teñan que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atopen na situación que lexitima a súa concesión, podendo tratarse de persoas físicas ou xurídicas. Así mesmo poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas o xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.
As solicitudes deberán presentarse no prazo que se indique na convocatoria da subvención ou durante todo o exercicio correspondente, sen prexuizo dos prazos de xustificación, se se trata de subvencións nominativas ou excepcionais.
c) O procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos Orzamentos, nos términos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

b) Aquellas cuxo outorgamento ou cuantía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación dacordo coa súa propia normativa

c) Con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

d) O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal cuantía que, illadamente ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

e) O órgano competente para a concesión das subvencións será o Alcalde.

f) Para a xustificación da subvención outorgada, se empregarán os modelos de xustificantes facilitados pola Administración Municipal.

g) As subvencións deberán de xustificarse no prazo de 3 meses dende a realización da actividade subvencionada e en calquera caso antes do 1 de decembro do exercicio correspondente agás causa debidamente xustificada.

h) A solicitude do beneficiario se poderán efectuar pagos anticipados das subvencións outorgadas por un importe non superior á metade do seu importe e sempre que este sexa igual ou superior a 3.500 euros. Para o seu libramento será preciso aportar certificacións de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social así como declaración responsable e asunción de compromiso de xustificación do importe total da axuda en prazo determinado so pena de inicio de procedemento de reintegro.

i) As subvencións outorgadas polo Concello de Becerreá, será compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

j) De conformidade co establecido no artigo 31.2 en relación co artigo 31.8 da Lei Xeral de Subvencións, non será necesario acreditar o pago dos gastos subvencionables.

k) Para a xustificación das subvencións presentarase conta xustificativa simplificada. De ser o caso os gastos xustificaranse con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinal. Estes orixinais presentados se marcarán cunha estampilla nos termos da lexislación vixente.

l) O órgano encargado do seguimento das subvencións será a Alcaldía.

m) No non previsto nas presentes bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.(LSG)

**BASE 26: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS**

Quedan previstas nominativamente no Orzamento para o ano 2024 as seguintes:

A.-Centros educativos, asociacións culturais, veciñais e outros.

1. CEIP San Xoán. Actividades extraescolares-1.503 €.
2. IES de Becerreá. Actividades culturais varias. Dia das letras galega, actividades culturais para conmemorar entroido, premio comarcal á promoción da lingua e outras viaxes culturais complemento da formación - 1.503 €.

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

3. Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy. Espazo das familias Concello de Becerreá- 1.200 €.
4. Asociación Cultural Son de Cores. Clases de música e foliada anual.- 600 €.
5. Asociación Cultural Veciñal Agüeira. Foliada annual.- 600 €.

B.- Entidades, Sociedades, Asociaciones e Clubes Deportivos.

6. Sociedade deportiva de Becerreá. Participación en ligas 2024-2025 e Escola deportiva de Futbol- 7.200 €.
7. Clube Gimnasia Rítmica de Becerreá. Actividades deportivas: Curso de ximnasia rítmica, Curso de verán e participación en diversos torneos incluído o de Vila de Becerreá. 1.500 €.
8. Ancares Becerreá Futbol Veterano. Liga provincial de Fútbol Veterano de Lugo 2024/2025.- 1.000 €.
9. Motoclube Enduro Becerreá. Ruta anual. -2.000 €.
10. Asociación Deportiva Torrados Racing. Participación no campionato galego de Rallies outros nos que participen os seus membros. -600 €.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do Orzamento Municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Becerreá, 29 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 0264

---

*Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de data 28 de decembro de 2023, a relación de postos de traballo para o exercicio 2024 en cumprimento do disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por plazo de 20 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 29 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 0265

---

## LÁNCARA

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o día 30 de novembro de dous mil vinte e tres, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas e colocación e utilización de contadores. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 282, de data 11 de decembro de 2023, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe logo da modificación:

“ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENTRONQUE DE LÍÑAS, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES, DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Artigo 1.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas, colocación e utilización de contadores, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

Configúrase o pagamento do servizo de auga como taxa, por cumprirse no feito impoñible as dúas condicións: a recepción obrigatoria para vivendas e locais en actividades que esixan o consumo de auga, e a non susceptibilidade de prestación do servizo pola iniciativa privada, por estar declarada a reserva deste servizo a favor dos concellos.

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

Artigo 2.- Feitos impoñible.

Está constituído pola actividade municipal desenvolvida con motivo da distribución de auga potable a domicilio, o entronque de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores. O habitáculo que conteña a batería de contadores terá que estar exento de sucidade e en perfectas condicións para ser revisado polo persoal municipal, e con fácil acceso. Constitúen o obxecto desta taxa os servizos regulados na presente ordenanza.

Artigo 3.- Obriga de contribuír.

Recaerá sobre o solicitante dos servizos ou sobre o suxeito pasivo obrigado á súa aceptación, titular do inmoble ou usuario del, ou os seus representantes legais.

A obriga de contribuír nacerá no momento de presentarse o servizo previa a correspondente solicitude ou dende que se utilice este sen obter a preceptiva autorización, debendo depositarse previamente o pago correspondente ó entronque e contadores.

Artigo 4.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ós que se provean do servizo, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios ou usuarios do servizo.

Artigo 5.- Base impoñible e liquidable.

A base do presente tributo estará constituída por:

- No subministro ou distribución de auga os metros cúbicos de auga consumidos no inmoble onde estea instalado o servizo.
- Nas acometidas á rede xeral: O feito da conexión á rede por casa local comercial, vivenda individual.
- Na colocación e utilización de contadores; a clase de contador individual ou colectivo.

Artigo 6.-Cotas tributarias:

Tarifa A) CONCEPTOS: COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de subministración de auga potable.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

| | |
|---|---|
| Uso doméstico | 6,5 € |
| Uso non doméstico | 12,50 |

Tarifa B) CONSUMOS:

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Uso doméstico

| | |
|---|---|
| De 0 a 15 $m^3$: | 0,2255 €/$m^3$ |
| Máis de 15 a 30 $m^3$: | 0,4123 €/$m^3$ |
| Máis de 30 a 60 $m^3$: | 0,6221 €/$m^3$ |
| Máis de 60 a 100 $m^3$: | 0,8254 €/$m^3$ |
| Máis de 100 $m^3$ | 0,9998 €/$m^3$ |

Epígrafe b) Uso non doméstico

| | |
|---|---|
| De 0 a 45 $m^3$: | 0,4235 €/$m^3$ |
| Máis de 45 a 150 $m^3$ | 0,7364 €/ $m^3$ |
| Máis de 150 $m^3$ | 0,9998 €/$m^3$ |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

Tarifa C) CONTADORES

| | |
|---|---|
| Aluguer de contadores | 15 €/ano |
| Instalación de contadores | 75 € |
| Desprecintado de contadores | 50 € |

Tarifa D) DEREITO DE ENTRONQUE

Por entronque á rede de distribución, por unha soa vez: 125 €.

Tarifa E) OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS E ACTUACIÓNS

Todas as demais subministracións e a colocación de encanamentos, acometidas de abastecemento e, en xeral, actuacións do servizo non recollidas expresamente nesta ordenanza serán obxecto de liquidación por unha soa vez, polo prezo dos materiais segundo a factura e da man de obra polo tempo investido, segundo o presuposto previo formulado polo servizo, autorizado pola alcaldía, e coa conformidade do solicitante, e sen ese requisito non será atendida a súa petición.

Todos os tributos de calquera tipo que poidan gravar os servizos obxecto desta ordenanza, os contratos de subministración e os recibos, serán sempre por conta do abonado.

Artigo 7.-Devindicación e cobramento de cotas.

7.1.- Devindicación

a) Por consumo de auga.

As cotas terán carácter trimestral e estarán obrigados ó seu pago todos os suxeitos pasivos que figuren como titulares ó comezo de cada período facturado.

No caso de alta, baixa ou cambio de titularidade, as cotas trimestrais resultantes ratearanse por días naturais e devengarase ó producirse a lectura do contador.

b) Por outras actuacións ou subministracións:

Devindicaranse no momento de aprobarse as correspondentes liquidacións individuais.

7.2.- Cobramento das cotas.

No caso de que nun trimestre non se poida tomar a lectura do abonado, existindo contador operativo, tomarase como consumo estimado a media de consumo dos anteriores tres trimestres.

De non existir o dato anterior, facturarase nese trimestre o volume máximo de metros cúbicos sinalados para o primeiro tramo de consumo regulado nos epígrafes a) e b) do artigo 4 B.

As cotas periódicas resultantes da aplicación de taxas polo consumo de auga e aluguer de contadores serán obxecto de liquidación nun documento cobratorio único, xunto coas taxas periódicas polos servizos da rede de saneamentos e de recollida domiciliaria de lixo. Estas tres exaccións serán cobradas conxuntamente nun recibo único, con especificación de conceptos, polo sistema que estableza o Concello.

As cotas que correspondan ó epígrafes das tarifas E) serán obxecto de liquidacións individuais e ingresadas segundo as normas aplicables á exacción obxecto de ingreso directo.

As reclamacións sobre a liquidación de cotas por erros de cálculo ou outros motivos efectuaranse por escrito ante o servizo, acompañando os recibos ou facturas que se presuma que conteñen o erro ou omisión.

As cotas conxuntas de auga, recollida de lixo e rede de saneamentos, que non se fixesen efectivas en período voluntario, pasaranse ó cobro en vía de constrinximento.

Pola mesma vía, como garantía e defensa do servizo público, senón se puidera efectuar a notificación persoal, por resultar descoñecido o domicilio do debedor, procederase ó corte do servizo de abastecemento de auga.

Artigo 8.- Exencións, reducións e demáis beneficios legalmente aplicables.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais non se recoñece beneficio tributario algún agás os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou Acordos Internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

Artigo 9.-Normas de xestión.

1. Entenderase por abonado, para os efectos desta ordenanza, toda persoa natural ou xurídica capacitada legalmente para contratar, á que se lle concedese a prestación do servizo de auga.

2. A acometida de auga á rede xeral, será solicitada individualmente, por cada vivenda, polo que será obrigatoria a instalación dun contador por vivenda unifamiliar. A ditas solicitude será presentada no Concello.

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

3. Os solicitantes de acometida de entronque, farán constar o fin a que destinan a auga, advertíndose que calquera infracción ou aplicación diferente de aquela para a que se solicita será castigada cunha multa na cantidade que acorde o Concello sen prexuízo de retirarlle o subministro de auga.

4. Cando o solicitante de acometida de auga a efectuase, en data posterior á que deberá facelo, satisfará como dereito de entronque, o 200 por 100 do importe que lle corresponderá aboar por cada entronque.

Artigo 10.- Solicitudes.

A solicitude de prestación do servizo de auga, calquera que sexa o uso ó que se destine, farase mediante a oportuna petición de alta e subscrición a póliza de abono, na que o interesado declarará nome, apelidos, razón social, domicilio, NIF ou CIF, fin e uso ó que se destinará a auga, establecemento ou predio, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación do servizo que se pretende e a concesión e instalación del. Presentarase coa documentación complementaria e será cursada á oficina do servizo.

As peticións levarán implícito o compromiso do concesionario de cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

O contrato da subministración terá unha duración indefinida ata que sexa formulada a baixa correspondente no servizo de augas, excepto a subministración para obras que terá unha duración polo período da licenza de obras correspondente.

Os peticionarios do servizo de abastecemento de auga, han de presentar:

-Documento que autorice o uso ou ocupación do inmoble.

-Licenza de edificación e para os usos previstos na dita licenza. No caso de edificación sen licenza de obras, ou sen axustarse a ela, se transcorrese o prazo de prescrición para axustarse á legalidade urbanística, notificación da resolución municipal que declara a prescrición das infraccións urbanísticas cometidas.

-Para os locais nos que se realicen actividades económicas, será preceptivo presentar a declaración censual do Imposto sobre actividades económicas ou, noutro caso, declaración xurada na que se manifeste a actividade desenvolvida.

Artigo 11.- Da baixa no servizo.

O abonado continuará posuíndo a condición de suxeito pasivo (contribuínte) da taxa pola subministración de auga potable mentres non presente a baixa correspondente na administración do servizo e polo tanto, non se cortase a auga aínda que, por calquera circunstancia, deixe de utilizar o servizo.

Non obstante, cando o abonado teña a condición de arrendatario ou titular de calquera outro dereito de uso, o propietario ou o usufrutuario das vivendas ou locais arrendados ou cedidos poderán acudir ó Concello e formalizar a baixa no servizo municipal de subministración de auga potable cando teña coñecemento de que o arrendatario ou usuario non cumpriu co preceptuado no parágrafo anterior.

O propietario ou o usufrutuario, segundo os casos, na súa condición de substituto do contribuínte, estará obrigado ó pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou local por consumos realizados unha vez abandonados os inmobles polos arrendatario ou os titulares de dereitos de uso, para o que terá que comunicarllo ó servizo de augas calquera cambio de arrendamento ou de actividade.

No caso de imposibilidade de lectura do contador por encontrarse pechado o acceso a este durante dous trimestres consecutivos, e en defensa e garantía do funcionamento do servizo público, practicarase notificación persoal ó interesado, con apercibimento do corte da subministración e sen prexuízo doutras responsabilidades esixidas.

Artigo 12.- Uso da auga.

Ningún aboado pode dispoñer de auga máis que para aquilo que lle foi concedida, agás causa de incendio con obriga de poñelo en coñecemento do concello ou servizo de augas dentro das vinte e catro horas seguintes do sinistro, quedando terminantemente prohibido, a cesión gratuíta ou a revenda de auga.

Artigo 13.- Dos gastos.

Os gastos que ocasione a renovación de tuberías, reparación de minas, pozos, mananciais, consumo de forma, etc, serán cubertos polos interesados.

Artigo 14.- Dos gastos dende a rede ata toma aboado.

Todas as obras para conducir a auga, de rede xeral á toma do aboado, serán de conta deste, non obstante, realizarase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello indique.

Artigo 15.- Colocación dos contadores.

Os contadores instalaranse sempre fóra da vivenda ou da industria nun lugar facilmente accesible.

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

Nas vivendas unifamiliares instalarase o contador no exterior do cerramento do predio, de xeito que non sexa necesario acceder ó interior da propiedade.

Sen cumprir estas estipulacións non se poderá causar alta na subministración nin facer uso dela.

Para o debido coñecemento e control dos consumos que realicen os usuarios, instalaranse contadores debidamente homologados dos que se farán lecturas periódicas, cos intervalos que estime convenientes a Administración, tanto baixo o punto de vista de inspección, como do de cobramento e, en todo caso, polo menos cada tres meses.

Os abonados responderán, como depositarios, da existencia e conservación dos contadores instalados que sexan propiedade do Concello, mentres non sexan retirados polo persoal propio do servizo.

Poden instalarse contadores propiedade dos concesionarios e o seu diámetro en ningún caso será superior ó do encanamento no que se instalen. Os custos de verificación, reparacións e demais que ocasionen estes contadores serán pola conta do abonado.

O Concello pode esixir ós abonados que instalen pola súa conta contador, sen que ningún abonado poida estar exento da súa instalación.

As conexións de contadores efectuaranse exclusivamente por persoal do Servizo de Augas.

Artigo 16.- Obrigas dos propietarios.

O propietario do predio ou o concesionario ou abonado, se é o caso, faise responsable do coidado e conservación das chaves de paso exteriores e interiores e moi especialmente dos aparellos-contador. Demostrada a súa neglixencia no cumprimento destas normas, así como o abandono das instalacións, deixando correr a auga innecesariamente, por rotura deles, cisternas deterioradas, etc., privaráselle da subministración de auga mentres non efectúe as oportunas rectificacións.

Nos casos de neglixencia non culpable e que non sexa de aplicación a sanción prevista no parágrafo anterior, o total consumo medio por contador será obxecto de liquidación e pagamento, sen que, co pretexto de producirse por causas alleas á vontade do abonado, se poidan realizar outras dedución nin compensacións que aquelas que obedezan á necesidade de corrixir erros de feito comprobados.

Calquera fuga de auga que sexa medida polo contador será facturada ó abonado de acordo coas tarifas correspondentes.

O Concello pode, previo aviso , cortar o subministro de auga a un aboado, cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuíto e onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo durante tres trimestres consecutivos, cando existe rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo Concello así como “limitadores de subministro dun tanto alzado”.

Todas as concesións responden a unha póliza ou contrato subscrito polo particular e o Concello que se fará por duplicado exemplar.

Artigo 17. Sanción por falta de pago.

O corte do suministro por falta de pago, levará consigo ó rehabilitarse o pago dos dereitos de entronque.

Artigo 18.- Dos cortes do suministro.

No caso de que por escaseza de caudal, augas sucias, sequías, xeadas, reparacións, etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro, os aboados non terán dereito a reclamación alguna, nin indemnización por danos, perxuízos ou calesquera outros conceptos, entendéndose neste sentido que a concesión se fai a título precario.

Artigo 19.- Dos contadores avariados.

Cando ó concesionario se lle notifique que o contador da súa propiedade se encontra en malas condicións de funcionamento, disporá de quince días hábiles para a súa reparación, ou a substitución por outro debidamente verificado. Se transcorrido o expresado prazo, non o presentaran na administración do servizo en condicións de ser instalado, o Concello poderá colocar un da súa propiedade, polo que o abonado satisfará a cota de alugamento correspondente, sempre e cando exista accesibilidade para a súa colocación. En caso contrario, cando a paralización dun contador ou desarranxo tal que as súas indicacións non poidan servir de base para unha medición, liquidarase o consumo conforme a igual período do ano anterior e incrementada nun 100%. Se non existise este dato tomarase o do trimestre anterior, e incrementado nun 100%.

Se unha vez notificada a avaría do contador, non se repara no prazo de 15 días, incrementarase a facturación en 40 $m^3$ cada trimestre, e tras dous avisos procederase ó corte do suministro logo audiencia do interesado.

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

Artigo 20.-Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademáis do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral Tributaria e demáis normativa aplicable.

Disposición Final

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia comezará a aplicarse, continuando a súa vixencia hasta que se acorde a súa modificación ou derogación.

Disposición Transitoria

As vivendas ou locais que teñan os contadores no interior disporán dun prazo de 6 meses para cumprir o establecido no artigo 15.".

Contra o acordo polo que se aproba esta ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nas formas e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.

Láncara, 29 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0266

---

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o día 30 de novembro de dous mil vinte e tres, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 7 reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos domésticos, comerciais e industriais. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 282, de data 11 de decembro de 2023, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe logo da modificación:

"ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS DOMÉSTICOS DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Artigo 1. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos domésticos, comerciais e industriais na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos domésticos, comerciais e industriais de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos no termo municipal de Láncara, e o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. O servizo pode prestarse por xestión directa ou indirecta.

2. A tal efecto, consideránse residuos domésticos, comerciais e industriais os definidos na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

3.- Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que estean considerados, legal ou regulamentariamente, como tóxicos ou perigosos.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais sitos nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Responderán solidariamente das obrigas do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei xeral tributaria.

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

Artigo 4º.- Obriga de contribuír.

A obriga de contribuír existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, tanto urbano como rural. O servizo de recollida de lixo é de recepción e uso obrigatorio para ocupantes de vivendas ou locais sitos neste municipio.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.

Neste suposto, a taxa devindícase e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada trimestre natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

Artigo 5º.- Exencións.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará segundo a función da natureza e destino dos inmobles.

2.- A tal efecto, aplicaranse as seguintes Tarifas:

| **Tarifas** | **€/trimestre** |
|---|---|
| **Epígrafe 1.- Vivendas** | |
| Vivendas (enténdese por vivenda a destinada a domicilio e aloxamento de carácter familiar) | 24,50 |
| **Epígrafe 2.- Establecementos industriais, mercantís, e de servizos.** | |
| Perruquerías e similares | 32,50 |
| Establecementos de alimentación ata 150 $m^2$ | 56,25 |
| Establecementos de alimentación de máis de 150 a 400 $m^2$ | 72,00 |
| Establecementos de alimentación de máis de 400 $m^2$ | 105,00 |
| Talleres, fábricas e almacéns | 56,25 |
| Industrias | 3.216,50 |
| **Epígrafe 3.- Oficinas e despachos profesionais** | |
| Xestorías, oficinas de seguros, e similares | 32,50 |
| Bancos, despachos profesionais | 32,50 |
| **Epígrafe 4. Comercial** | |
| Comercio en xeral polo miúdo ata 300 $m^2$ | 56,25 |
| Comercio en xeral polo miúdo de máis de 300 $m^2$ | 72,00 |
| Moblerías | 135,00 |
| **Epígrafe 5.- Ocio e Hostelería** | |
| Cafeterías, bares e similares | 58,50 |
| Restaurantes e similares | 72,00 |
| Hoteis, hostais, casas rurais e similares | 72,00 |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | |
|---|---|
| Salóns de banquetes e similares | 250,00 |
| **Epígrafe 6.- Establecementos sanitarios, educativos e análogos** | |
| Educativos | 24,50 |
| Clínicas dentais, de fisioterapia, farmacias, tanatorios e similares | 49,50 |
| Centro de saúde | 72,00 |
| Residencias, por habitación/trimestre | 5,00 |

Artigo 7º.- Devindicación.

1. Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que a devindicación da taxa se produxese con posterioridade á dita data, en cuio caso a primeira cota devindicarase o primeiro día do trimestre seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso.

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devindique por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentado, para os efectos, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.

2. Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo en esta as modificacións correspondentes, que xurdirán efectos a partir do período de cobranza seguinte á data en que se efectuara a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula, independentemente ou cos recibos da auga.

Artigo 9º.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles corresponda en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral tributaria.

Disposición Final

A presente ordenanza entará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derogación.".

Contra o acordo polo que se aproba esta ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nas formas e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.

Láncara, 29 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0267

---

## LUGO

*Anuncio*

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuinte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadroamento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse tódolos recibos do contribuinte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados que a partir do vindeiro día 22 de xaneiro ata o 22 de marzo deste ano póñense ó cobro, en prazo voluntario, os tributos que de seguido se relacionan:

- **Padrón de auga e IVE s/ seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó cuarto trimestre de 2023.**

Para o cobramento dos citados tributos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o **25 de xaneiro**.

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

Para o resto dos contribuintes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197 (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 22 de abril de 2024, utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural e Correos; todo elo sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 16 de xaneiro de 2024.- O CONCELLEIRO DELEGADO DE ECONOMIA E RECURSOS HUMANOS, Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 0268

---

*Anuncio*

***Corrección de erros do Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 021, do xoves, 25 de xaneiro de 2024, relativo á convocatoria de "BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN AXENTE LOCAL DE INNOVACIÓN", aprobadas polo Acordo Nº 8/19 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno local, o 24 de xaneiro de 2024-***

Advertido erro, n**a Base 1º OBXECTO DA CONVOCATORIA,** onde di: *"A contratación laboral realizarase con carácter temporal, a tempo completo, polo período dun ano (dende o 20 de febreiro ata o 31 decembro de 2024), prorrogable, pero solo para o suposto de que se siga percibindo, por este Concello, a subvención do Ministerio de Ciencia e Innovación..."* Debe dicir***: "A contratación laboral realizarase con carácter temporal, a tempo completo, polo período que abrangue dende o 20 de febreiro ata o 31 decembro de 2024, prorrogable anualmente, pero solo para o suposto de que se siga percibindo, por este Concello, a subvención do Ministerio de Ciencia e Innovación..."***

Advertido erro, na **Base 4º PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**, onde di: *"Prazo de presentación de instancias: será de oito días naturais, contados a partir do día seguinte ....",* debe dicir: ***Prazo de presentación de instancias: será de oito días hábiles, contados a partir do día seguinte..."***

LUGO, 31 de xaneiro de 2024.- O TTE. DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, D. MAURICIO REPETTO MORBÁN.

R. 0290

---

*Anuncio*

Queda aprobado definitivamente o Orzamento Xeral Municipal do Excmo. Concello de Lugo para o exercicio económico 2024 en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, celebrada o día 1 de febreiro.

ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO

RESUMO POR CAPÍTULOS

| ESTADO DE GASTOS | 2024 |
|---|---|
| 1- Gastos de Persoal | 36.389.092,38 |
| 2- Gastos en Bens Correntes e Servizos | 63.619.344,58 |
| 3- Gastos Financeiros | 67.000,00 |
| 4- Transferencias correntes | 5.579.988,04 |
| 5- Fondo continxencia e outros imprevistos | 400.000,00 |
| OPERACIÓNS CORRENTES | 106.055.425,00 |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | |
|---|---|
| 6- Investimentos Reais | 9.768.276,00 |
| 7- Transferencias de Capital | 4.331.724,00 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | 14.100.000,00 |
| 8- Activos Financeiros | 1.700.000,00 |
| 9-Pasivos Financeiros | 0,00 |
| OPERACIÓNS FINANCIERAS | 1.700.000,00 |
| TOTAL ORZAMENTO | **121.855.425,00** |

| ESTADO DE INGRESOS | 2024 |
|---|---|
| 1- Impostos Directos | 38.782.000,00 |
| 2- Impostos Indirectos | 5.414.030,00 |
| 3- Taxas e outros ingresos | 29.453.990,08 |
| 4- Transferencias correntes | 33.717.234,92 |
| 5- Ingresos Patrimoniais | 748.450,00 |
| OPERACIÓNS CORRENTES | 108.115.705,00 |
| 6- Alleamentos de Investimentos Reais | 0,00 |
| 7- Transferencias de Capital | 139.720,00 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | 139.720,00 |
| 8- Activos Financeiros | 100.000,00 |
| 9- Pasivos Financeiros | 13.500.000,00 |
| OPERACIÓNS FINANCIERAS | 13.600.000,00 |
| TOTAL ORZAMENTO | **121.855.425,00** |

**1.1 PERSOAL FUNCIONARIO**

**1.1.1. HABILITACIÓN NACIONAL**

| DENOMINACIÓN | DOT | ESCALA | SUBESCALA | GRUPO |
|---|---|---|---|---|
| INTERVENCIÓN - TESOURERÍA | 1 | H.N. | INT-TES | A1 |
| INTERVENCIÓN-TESOURERIA SUPERIOR | 2 | H.N. | INT-TES SUP | A1 |
| SECRETARIA INTERVENCIÓN | 1 | H.N. | S-I | A1 |
| SECRETARIA SUPERIOR | 2 | H.N. | SECRET. .SUP | A1 |

**1.1.2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN GENERAL**

| DENOMINACIÓN | DOT | ESCALA | SUBESCALA | GRUPO |
|---|---|---|---|---|
| ADMINISTRATIVO/A | 24 | A.X. | ADMTVA | C1 |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A | 61 | A.X. | AUX. | C2 |
| CELADOR/A I.D. | 4 | A.X. | SUBALT. | AP |
| CONSERXE | 1 | A.X. | SUBALT. | C2 |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ORDENANZA | 16 | A.X. | SUBALT. | AP |
| TECNICO/A | 21 | A.X | TEC. | A1 |
| TECNICO/A MEDIO | 21 | A.X | XEST. | A2 |
| VICECONSERXE | 1 | A.X. | SUB. | AP |

**1.1.3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

| DENOMINACIÓN | DOT | ESCALA | SUBESCALA | GRUPO |
|---|---|---|---|---|
| ALGUACIL NOTIFICADOR/A | 1 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIONS | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| ANALISTA-PROGRAMADOR | 1 | A.E. | TEC. | B |
| ANALISTA-PROGRAMADOR/A | 3 | A.E. | TEC. | A2 |
| ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL | 5 | A.E. | TEC. | A2 |
| ARQUEOLOGO/A | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| ARQUITECTO/A | 6 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| ARQUITECTO/A TECNICO/A | 4 | A.E. | TEC. | A2 |
| ARQUIVEIRO/A | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| AUXILIAR DE BIBLIOTECA | 2 | A.E. | TEC. | C2 |
| AUXILIAR DE POLICIA | 4 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| AXENTE DE EMPREGO E DESENV. LOCAL | 2 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| AXENTE DESENROLO LOCAL | 1 | A.E. | XEST. | A1 |
| AXUDANTE/A COCIÑA-LIMPEZA | 3 | A.E. | SVS.ESP. | AP |
| AXUDANTE/A XARDINS | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| BOMBEIRO/A-CONDUTOR/A | 51 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| CABO BOMBEIRO/A | 5 | A.E. | SVS.ESP . | C2 |
| CELADOR/A C. P. | 8 | A.E. | SVS.ESP. | AP |
| COORDINADOR/A DE DEPORTES | 1 | A.E. | TEC. | A2 |
| COORDINADOR/A DE PUBLICACIONS | 1 | A.E. | TEC. | C1 |
| DELINEANTE | 6 | A.E. | TEC. | B |
| DIPLOMADO EN EMPRESARIAIS | 2 | A.E. | XEST. | A2 |
| DIRECTOR/A BANDA DE MUSICA | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| EDUCADOR/A SOCIAL | 6 | A.E. | TEC. | A2 |
| ENCARGADO/A (BRIGADA ZONA RURAL) | 1 | A.E. | SVS. ESP. | C2 |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ENCARGADO/A DE EDUCACION VIAL | 1 | A.E. | SVS. ESP | C1 |
| ENCARGADO/A DE MERCADOS | 1 | A.E. | SVS. ESP | C2 |
| ENCARGADO/A DE PARQUE MOBIL | 1 | A.E. | SVS. ESP | C1 |
| ENCARGADO/A FOGAR TRANSEUNTE | 1 | A.E. | SVS. ESP | C2 |
| ENCARGADO/A INSTALACIONS DEPORTIVAS | 1 | A.E. | TEC. | C2 |
| ENCARGADO/A TALLER DE AUGAS | 1 | A.E. | SVS. ESP | C2 |
| ENCARGADO/A VIAS E OBRAS | 1 | A.E. | SVS. ESP. | C2 |
| ENXEÑEIRO/A CAMIÑOS | 4 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| ENXEÑEIRO/A DE MONTES | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| ENXEÑEIRO/A TEC. INDUSTRIAL | 2 | A.E. | TEC. | A2 |
| ENXEÑEIRO/A TEC. OBRAS PUBLICAS | 1 | A.E. | TEC. | A2 |
| ENXEÑEIRO/A TEC. TOPOGRAFIA | 1 | A.E. | TEC. | A2 |
| ENXEÑEIRO/A TECNICO AGRICOLA | 2 | A.E. | TEC. | A2 |
| FARMACEÚTICO/A | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| INSPECTOR/A POLICIA | 13 | A.E. | SVS.ESP | A2 |
| INSPECTOR/A PRINCIPAL | 2 | A.E. | SVS.ESP | A2 |
| INTENDENTE/A | 2 | A.E. | SVS.ESP | A1 |
| LICENCIADO/A DEREITO | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| MEDICO/A | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| MESTRE/A ELECTRICISTA | 3 | A.E. | TEC. | C2 |
| MONITOR/A EDUCACION VIAL | 1 | A.E. | SVS.ESP | C1 |
| MONITOR/A MINORIAS ETNICAS | 1 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| MUSICO/A | 1 | A.E | SVS.ESP | C2 |
| MUSICO/A PRIMEIRA PARTE | 5 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| MUSICO/A SEGUNDA PARTE | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| MUSICO/A SOLISTA | 6 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL ALBANEL | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL BRIGADA SEÑALIZACION VIARIA | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL COCIÑEIRO/A | 2 | A.E. | SVS.ESP | C2 |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| OFICIAL CONDUTOR/A | 4 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL CONDUTOR/A MECANICO/A | 2 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL ELECTRICISTA | 3 | A.E. | TEC. | C2 |
| OFICIAL FONTANEIRO/A | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL LECTOR/A DE CONTADORES | 6 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL NOTIFICADOR/A | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL PINTOR/A | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL POLICIA | 20 | A.E. | SVS.ESP | C1 |
| OFICIAL SEPULTUREIRO/A | 3 | A.E. | SVS. ESP | C2 |
| OFICIAL TELEFONISTA | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL TOMA DATOS | 1 | A.E. | TEC. | C2 |
| OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL XARDINEIRO/A | 2 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OPERARIO/A | 8 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| OPERARIO/A DE CEMITERIO | 1 | A.E | SVS.ESP | AP |
| ORIENTADOR/A LABORAL | 1 | A.E | TEC. MEDIO | A2 |
| POLICIA LOCAL | 114 | A.E. | SVS.ESP. | C1 |
| PSICOLOGO/A | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| PSICOPEDAGOGO/A | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| SARXENTO/A BOMBEIROS | 1 | A.E. | SVS.ESP | C1 |
| TECNICO SUP. ELECTRICISTA | 1 | A.E. | TEC. | B |
| TECNICO/A (Ocupada por persoal laboral indefinido, por sentencia) | 1 | A.E. | TEC. SUP | A1 |
| TECNICO/A ASESORAMENTO EMPRENDEDORES/AS | 1 | A.E. | TEC. | A2 |
| TECNICO/A AUX. ARQUEOLOXIA | 1 | A.E. | TEC. | C1 |
| TECNICO/A ESPECIALISTA TIC | 2 | A.E. | TEC. | B |
| TECNICO/A LIC. EMPRESARIAIS | 2 | A.E | TEC. SUP | A1 |
| TECNICO/A XARDIN DE INFANCIA | 2 | A.E. | TEC. | A2 |
| TECNICO/A XARDIN DE INFANCIA | 14 | A.E. | TEC. | B |
| TRABALLADOR/A DE FAMILIA | 2 | A.E. | TEC. | AP |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| TRABALLADOR/A SOCIAL | 18 | A.E. | TEC. | A2 |
| TRADUTOR/A | 1 | A.E. | TEC. | A2 |
| VIXIANTE DE EVACUATORIOS | 1 | A.E. | SVS.ESP | AP |

**1.2. LABORAL FIXO**

**1.2.1. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN GENERAL**

| DENOMINACIÓN | DOT | ESCALA | SUBESCALA | GRUPO |
|---|---|---|---|---|
| ADMINISTRATIVO/A | 1 | A.X. | ADMTVA | C1 |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A | 16 | A.X. | AUX. | C2 |
| CELADOR/A I.D. | 2 | A.X. | SUBALT. | AP |
| ORDENANZA | 2 | A.X. | SUBALT. | AP |
| PEON ESPECIALISTA | 1 | A.X. | SUBALT. | AP |

**1.2.2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

| DENOMINACIÓN | DOT | ESCALA | SUBESCALA | GRUPO |
|---|---|---|---|---|
| ANALISTA-PROGRAMADOR/A | 1 | A.E. | TEC. | A2 |
| ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL | 3 | A.E. | TEC. | A2 |
| AUXILIAR DO FOGAR | 1 | A.E. | TEC. | AP |
| AVOGADO/A | 1 | A.E. | TEC. | A1 |
| AXENTE DE CONSUMO | 1 | A.E. | TEC. | C2 |
| AXENTE DE TRIBUTOS LOCAIS | 1 | A.E. | TEC. | C1 |
| AXUDANTE/A | 2 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| AXUDANTE/A CEMITERIO | 1 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| AXUDANTE/A COCIÑA-LIMPEZA | 1 | A.E. | SVS.ESP. | AP |
| AXUDANTE/A VIXIANTE | 1 | A.E. | SVS.ESP. | AP |
| AXUDANTE/A XARDÍNS | 1 | A.E. | SVS.ESP. | AP |
| CELADOR/A C. P. | 1 | A.E. | SVS.ESP. | AP |
| ENCARGADO/A MONITORES | 1 | A.E. | TEC. | C1 |
| LIC. XEOGRAFIA E HISTORIA | 1 | A.E. | TEC. | A1 |
| LIMPADOR/A | 1 | A.E | SVS.ESP | AP |
| MUSICO/A PRIMEIRA PARTE | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| MUSICO/A SEGUNDA PARTE | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| MUSICO/A SOLISTA | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| NOTIFICADOR/A | 3 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| OFICIAL ALBANEL | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL CARPINTEIRO/A | 2 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL COCIÑEIRO/A | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL CONDUTOR/A | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL CONDUTOR/A MAQUINISTA | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL CONDUTOR/A PADEXEIRO/A | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL ELECTRICISTA | 3 | A.E. | TEC. | C2 |
| OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A | 3 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL MECANICO/A | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL NOTIFICADOR/A | 2 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL SEPULTUREIRO/A | 1 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OFICIAL XARDINEIRO/A | 4 | A.E. | SVS.ESP | C2 |
| OPERADOR/A | 1 | A.E. | TEC. | B |
| OPERARIO/A | 15 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| OPERARIO/A CEMITERIO | 4 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| PEDAGOGO/A | 2 | A.E. | TEC. | A1 |
| PEON DE OFICIOS | 1 | A.E. | SVS.ESP | AP |
| PROGRAMADOR/A | 1 | A.E. | TEC. | B |
| PSICOLOGO/A | 2 | A.E. | TEC. | A1 |
| SOCIOLOGO/A | 1 | A.E. | TEC. | A1 |
| TRABALLADOR/A DE FAMILIA | 2 | A.E. | TEC. | AP |
| TRABALLADOR/A SOCIAL | 2 | A.E. | TEC. | A2 |

**1.3. PERSOAL EVENTUAL**

| DENOMINACIÓN | DOT | TITULACIÓN |
|---|---|---|
| XEFE/A GABINETE ALCALDIA | 1 | SUPERIOR |
| DIRECTOR/A COMUNICACION | 3 | SUPERIOR |
| COLABORADOR/A ASESOR/A | 10 | MEDIO |
| ASISTENTE/A SECRETARIO/A | 6 | BACH. SUP. |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

Lugo, a 24 de xaneiro de 2024.- A EXCMA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0302

# OUROL

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0021, de 24 de xaneiro de 2024, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de recollida de LIXO correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2023.**

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0022, de 24 de xaneiro de 2024, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de AUGA correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2023.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 15 de marzo de 2024 ata o 15 de maio de 2024, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 25 de xaneiro de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0269

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

## OUTEIRO DE REI

*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 24 de xaneiro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de febreiro ata o 15 de febreiro de 2024. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 25 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0270

## O PÁRAMO

*Anuncio*

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa polo subministro de auga., cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga**

Artículo 5.- Contía

A co ntía da taxa, regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa seg uinte, aplicándose os seguintes tramos:

| TARIFAS | |
|---|---|
| USOS DOMESTICOS | |
| Cuota fixa trimestral: 3 € | |
| De O a 3 0 "’ trimestrais | 0,20 |
| De 3 1 a 61 "' trimestrais | 0,30 |
| De 61 a 1 00 "' trimestrais | 0 50 |
| Más de 1 00 “' trimestrais | **0,50** |

| TARIFAS | |
|---|---|
| USOS INDUSTRIALES | |
| De 0 a 30 "' trimestrais | 0,20 |
| Más de 30 "'trimestrais | **0,50** |

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

| TARIFAS | |
|---|---|
| OBRAS | |
| De 0 a 240 "' trimestrais | 0,36 |
| Exceso a | 0,60 |
| Tanto alzado sin contador | 86,55 € trimestre |

Os dereitos de acometida á rede xeral a s atisface r por unha sola vez no mo mento de alta, serán de 180,3 0 € s i a instalación do contador é por conta do particular, é de 2 70,46 € si é por conta da Administración.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Páramo, 22 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Luis López López.

R. 0271

## RIBEIRA DE PIQUÍN

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2024, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 4º TRIMESTRE DE 2023**.

O dito Padrón exponse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

**ANUNCIO DE COBRANZA.**

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de marzo de 2024 ó día 30 de abril de 2024, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER,** en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

***CANON DA AUGA:*** A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 25 de xaneiro de 2024.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 0272

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

## TRIACASTELA

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de 29 de xaneiro de 2024, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de 2 traballadores/as a xornada completa para o posto de:

- Peón obra pública ao abeiro do Programa Reforzo do Emprego de conformidade ao Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2023 da Deputación Provincial de Lugo

Duración dos contratos: 6 meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos sete días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres e na sede electrónica http://triacastela.sedelectronica.gal.

Mais información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela e na sede electrónica http://triacastela.sedelectronica.gal.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 29 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0273

## VILALBA

*Anuncio*

**Procedemento:** Convocatoria e selección de funcionario de carreira

**Número de expediente:** 366/2023

**Asunto:** Publicación do nomeamento de persoal funcionario de carreira no cargo de Administrativo (C1) de Administración Xeral

Á vista da convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Núm. 042 – luns, 20 de febreiro de 2023 (Páx. 37), así como o anuncio da convocatoria publicada no DOGA Núm. 52 Mércores, 15 de marzo de 2023 (Páx. 18087), e no BOE Núm. 68 Martes 21 de marzo de 2023 Sec. II.B. (Páx. 42288), co obxecto convocatoria e selección de funcionario de carreira dunha praza de Administrativo de Administración Xeral en execución da Oferta de emprego público ordinaria do ano 2022

Vista a Acta do tribunal de selección de data 22 de xaneiro do 2024, onde se propón o nomeamento e formalización da toma de posesión da seguinte candidata:

| ASPIRANTE | DNI |
|---|---|
| LUCÍA PIÑEIRO CRESPO | ***8464** |

Visto que a interesada presentou en prazo a documentación esixida na convocatoria mediante rexistro de entrada 2024-E-RC-968 e en data do 29 de xaneiro do 2024.

En virtude do anterior, e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 32 e seguintes do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba, publicado no Boletín Oficial da Provincia número número 73 de data do do 29 marzo do 2023; con data do 31 de xaneiro do 2024mediante decreto número 2024-0107, a alcaldía da Corporación resolveu nomear a Dona Lucía Piñeiro Crespo coma funcionaria de carreira nunha praza de Administrativo (C1) de Administración Xeral.

A fin de dar cumprimento ao establecido no punto décimo segundo das bases específicas da convocatoria, a persoa interesada deberá tomar posesión do cargo no prazo dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no BOP, se non tomase posesión no prazo indicado, sen causa xustificada, entenderase que renuncia á praza e ao nomeamento efectuado; e realizarase unha nova proposta de nomeamento a favor da seguinte persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Vilalba, 31 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa da Corporación, Dona Marta María Rouco Seone.

R. 0291

---

## XOVE

*Anuncio*

**Resolución de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo de dúas (2) prazas de Operario de Servizos Múltiples como persoal laboral fixo recollidas no OEP 2022 (BOP nº 068 de 24.03.2023) e na OEP 2023 do concello de Xove (BOP nº 197 de 28.08.2023) para a súa cobertura definitiva, polo sistema de concurso – oposición.**

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 29-01-2024 a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso selectivo de dúas (2) prazas de Operario de Servizos Múltiples como persoal laboral fixo recollidas no OEP 2022 (BOP nº 068 de 24.03.2023) e na OEP 2023 do concello de Xove (BOP nº 197 de 28.08.2023) para a súa cobertura definitiva, polo sistema de concurso – oposición, co seguinte alcance:

| **ADMITIDOS/AS** | • **DNI** |
|---|---|
| JOSÉ HILARIO RODRÍGUEZ PARAPAR | • xxx9552xx |
| ELSA CLARA GATO ADAMS | • xxx8034xx |
| MARÍA EMMA SOTO SOTO | • xxx4732xx |
| MANUEL ÁNGEL GUILLEN MENÉNDEZ | • xxx9344xx |
| BRAIS CALLES ALONSO | • xxx6532xx |
| RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA | • xxx1883xx |
| GUILLERMO REGO CANOURA | • xxx9301xx |
| DEMETRIO LÓPEZ PENA | • xxx2284xx |
| MARÍA VANESA COUVE VARELA | • xxx9857xx |

| **EXCLUIDOS/AS** | **DNI/NIE** | **Causa/s motivadora/s da exclusión:** |
|---|---|---|
| MANUEL VILAR OTERO | xxx9211xx | 1 |

*** Código causa de exclusión provisional:**

1.- A documentación requirida na base QUINTA.2 a) na forma establecida na base SETE, Titulación: De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., e o artigo 50 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dos títulos seguintes títulos de xeito conxunto: - Título de Graduado Escolar ou equivalente

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)

O que se fai de conformidade co disposto nas bases da convocatoria referenciada, aos efectos de que durante o prazo de dez (10) hábiles o aspirante excluído poidan emendar as faltas ou acompañar os documentos preceptivos que motiven a súa non admisión.

Así mesmo, mediante a citada Resolución, aprobouse a composición do Tribunal que debe xulgar os correspondentes méritos:

| **MEMBROS** | **IDENTIDADE** |
|---|---|
| **PRESIDENCIA** | Elena Santos Rey, Interventora Municipal |
| SUPLENCIA | Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos concello de Xove |
| **VOCALÍA** | Vanesa Santos Guerreiro, Administrativo |
| SUPLENCIA | Manuel Peteira González, Tesoureiro do concello de Xove |
| **VOCALÍA** | José Manuel Rodríguez Rouco, Encargado da Brigada de Obras |
| SUPLENCIA | José Cociña Quellle, condutor da Brigada de Obras |
| **VOCALÍA** | Tomás Rapa Martínez, Encargado Xeral de Obras e Mantemento |
| SUPLENCIA | María José Rego Domínguez, Administrativo |
| **SECRETARÍA** | Víctor Voces López, Secretario Municipal |
| SUPLENCIA | Rosa Lage Canoura, Técnico Local de Emprego do Concello de Xove |

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.

Xove, 29 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0274

Anuncio publicado en: Num BOP 28 año 2024 (02/02/2024 08:00:00)